



**GALIZA! NEXT
XERAR
FUTURO**

**UN NOVO MODELO
PARA UNHA NOVA ERA**

UNHA NOVA ERA!

A pandemia da COVID 19 e as súas graves consecuencias no ámbito sanitario, social e económico puxeron en evidencia as grandes debilidades do sistema e a necesidade de impulsar mudanzas estruturais para lles facer fronte.

É evidente que **as decisións que tomemos agora van marcar o futuro das seguintes xeracións** e que o proceso de recuperación, reactivación e transformación que debemos afrontar como país esixe da mobilización de importantes recursos, especialmente públicos. Falamos de **recursos económicos**, incluíndo ferramentas financeiras propias para dotar de músculo a actividade empresarial e o investimento público. Falamos de **recursos humanos**, cunha aposta decidida polo talento e a investigación. Falamos de **capital tecnolóxico** que permite a gran transformación dixital e sustentábel do tecido produtivo.

O camiño que tomemos nesta encrucillada en que nos atopamos **determinará o modelo de sociedade para as próximas décadas**. É evidente que a pandemia acelerou as grandes transformacións que estaban en marcha: tanto a sanitaria-social, como a dixital-tecnolóxica, a enerxético-climática, e industrial-productiva.

Un dos grandes retos que temos por diante como país é **decidir que criterios rexerán e a que intereses responderán os cambios que están por chegar**. É por iso que, para o Bloque Nacionalista Galego, un desafío desta natureza precisa da máxima **participación** e de **grandes acordos que impliquen todos os sectores institucionais, sociais e económicos** da Galiza no marco dun proceso en que primen a transparencia e o diálogo e que garanta unha saída en chave de país e xusta á crise.

Mais tamén fai máis necesario que nunca contarmos con **soberanía e capacidade de decisión** que nos permita, como galegas e galegos, tomar acordos sobre todos os ámbitos, especialmente naquelas materias que son determinantes para prever e planificar o futuro, a comezar pola xestión directa desde **Galiza** dos fondos **NEXT GENERATION**.

Neste documento presentamos os proxectos que formula o Bloque Nacionalista Galego para a **transformación económica, tecnolóxica, social, sanitaria, cultural e ambiental** da Galiza para o período 2021-2030, co obxectivo de desenvolver unha estratexia de país que nos permita captar financiamento de fondos europeos procedentes do Plan de Recuperación e Resiliencia e do período orzamentario 2021-2027.

Trátase dun documento que pretende ter **unha visión integral e respostas estruturais en todos os grandes ámbitos de actuación** mais que desde o BNG presentamos como unha proposta aberta e incluínte, nun proceso de participación, diálogo e contraste con todos os sectores da sociedade galega.

O camiño que tomemos nesta encrucillada en que nos atopamos determinará o modelo de sociedade para as próximas décadas.

01. **EIXOS TRANSVERSAIS DOS PROXECTOS**

1. INICIATIVA ESTRATÉXICA CONXUNTA DO SECTOR PÚBLICO GALEGO:

co liderado e impulso do goberno galego e coa participación activa das administracións locais e as universidades, aproveitando a fórmula do consorcio para actuacións como a transformación dixital.

2. FORTALECIMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS,

especialmente da saúde, os coidados, a educación e a vivenda, garantindo os equilibrios territoriais, a cohesión social e os maiores niveis de equidade.

3. FORTALECIMENTO E DESENVOLVEMENTO AUTOCENTRADO DOS SECTORES ESTRATÉXICOS

e do tecido produtivo, garantindo a mobilización de recursos humanos, financeiros, administrativos e tecnolóxicos para o seu desenvolvemento e transformación.

4. PERSPECTIVA DE XÉNERO

para garantir os dereitos das mulleres e o avance decidido cara á unha Galiza libre de violencias machistas.

5. CAPILARIDADE

dos proxectos tanto no ámbito sectorial como no territorial, con especial atención ao fortalecemento e modernización das PEMES.

6. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL.

Desenvolvemento de proxectos dimensionados con ancoraxe e efecto tractor territorial.

7. APOSTA ESTRATÉXICA POLA CIENCIA, A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN

como motor de desenvolvemento social, económico e cultural e modernización do tecido produtivo galego.

8. EXTENSIÓN UNIVERSAL DAS INFRAESTRUTURAS E DAS COMPETENCIA DIXITAIS

como panca fundamental para a transformación do país.

9. DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

e preservación da biodiversidade.

10. MODERNIZACIÓN E ADAPTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN

para facer fronte aos grandes desafíos do país.

02. PROXECTOS

Os proxectos que formulamos desde o Bloque Nacionalista Galego xiran arredor de 15 ámbitos prioritarios que, á súa vez, incorporan propostas estratéxicas encamiñadas a poñer en marcha transformacións estruturais para unha nova Galiza nunha nova era.

As propostas concretas agrúpanse do seguinte xeito:

41 PEG - Proxectos
Estratéxicos Galegos

4 PET - Proxectos
Estratéxicos Territoriais

ÁMBITO 1. SAÚDE E COIDADOS PARA POÑER A VIDA E AS PERSOAS NO CENTRO

PEG 1. SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE G30. Fortalecemento e transformación do sistema galego de saúde mediante as seguintes actuacións estruturais

- NOVO MODELO DE ATENCIÓN PRIMARIA E MEDICINA PREVENTIVA
- REFORZO E AMPLIACIÓN DA ATENCIÓN HOSPITALARIA
- RESCATE DE INFRAESTRUTURA E SERVIZOS SANITARIOS (Área de Vigo)
- PLAN DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA, SAÚDE MENTAL E PREVENCIÓN DO SUICIDIO

PEG 2-CREACIÓN DUN CENTRO PÚBLICO DE ALERTAS EPIDEMIOLÓXICAS E EMERXENCIAS SANITARIAS co obxecto de crear unha rede de alerta e un sistema integrado de prevención e resposta diante de crises de saúde pública.

PEG 3- ESTRATEXIA GALEGA DE XENÓMICA E MEDICINA PERSONALIZADA para situar a Galiza como referente internacional neste ámbito.

PEG 4. NOVO SISTEMA PÚBLICO GALEGO DE COIDADOS

- CREACIÓN DA HISTORIA SOCIO SANITARIA ELECTRÓNICA a través da integración da histórica clínica electrónica e a historia social única que permita conectar e coordinar os sistemas de información dos servizos sociais e de atención sanitaria e garantir unha atención integral, coordinada e estábel; reducir burocracia, tempos de agarda e duplicidades mellorando diagnoses e tratamentos.
- ESTRATEXIA FOGAR. Deseño e despregamento dun modelo de coidados de longa duración baseado en servizos próximos e comunitarios, públicos e centrado na atención domiciliar que incorpore avances tecnolóxicos e innovación para garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia.
- PROGRAMA PARA A AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE “CENTROS DE DÍA”. Dotación nova de infraestruturas e medios necesarios para atender a crecente demanda e necesidades en función do envellecemento da poboación e novas realidades vinculadas a el como as doenzas neurodexenerativas.
- PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN E DOTACIÓN DE CENTROS RESIDENCIAIS DE MAIORES. Ampliación do número de prazas públicas a través da dotación de nova infraestrutura

- que responda a un novo modelo residencial máis próximo, dimensionado, comunitario e participativo.
- **CREACIÓN DUN CENTRO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA** centrado no estudo do avellentamento e as enfermidades a el asociadas (cancro, Alzheimer, doenzas neurodexenerativas, musculoesqueléticas...)

ÁMBITO 2. ECOSISTEMA GALEGO DA CIENCIA, DA INVESTIGACIÓN E DA INNOVACIÓN

PEG 5. INNOGAL. PROGRAMA DE RETENCIÓN E CAPTACIÓN DE TALENTO que fortaleza o sistema investigador galego e a produción de coñecemento na Galiza mediante a atracción, recuperación e consolidación de investigadoras e investigadores de todo o mundo.

PEG 6. ESTRATEXIA DE FORTALECIMENTO DAS UNIVERSIDADES E DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I, centrada na ciencia e o coñecemento; a formación e o emprego; a sustentabilidade e a dixitalización. Trátase de artellar unha sólida estratexia de fortalecemento institucional que inclúa, entre outras medidas, un importante número de accións destinadas ao fortalecemento do I+D+I, os seus recursos humanos e infraestruturas que permitan a transformación dixital e a transformación dos campus.

PEG 7. IMPULSO DA INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA. POTENCIACIÓN DO SISTEMA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN SAÚDE. Creación dun ecosistema de investigación biomédica da Galiza potenciando os actuais institutos e centros de investigación, dotándoos de mellores infraestruturas e servizos técnicos que fagan o noso país máis competitivo nun sector estratéxico. Prevese a creación dun ecosistema de investigación biomédica da Galiza cos tres institutos actuais e dous centros de investigación (CiMUS e CiQUS).

ÁMBITO 3. A GALIZA FEMINISTA

PEG 8. PLAN A GALIZA LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS. Promover a ampliación e extensión de servizos dirixidos a previr e intervir fronte ás violencias machistas facendo especial énfase no equilibrio territorial e na formación das e dos profesionais.

PEG 9. CREACIÓN DO CENTRO EXERIA DE INVESTIGACIÓN E ESTUDOS FEMINISTAS DE GALIZA, en colaboración co sistema universitario galego. Potenciar a investigación interdisciplinar con perspectiva de xénero e a xeración de coñecemento fortalecendo o sistema investigador, a súa vertebración e a difusión do seu coñecemento.

ÁMBITO 4. INTELIXENCIA ARTIFICIAL E TECNOLOXÍAS AVANZADAS DIXITAIS

PEG 10. CREACIÓN DA REDE PARA A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E BIG DATA, mediante o fortalecemento do Centro de Tecnoloxías Intelixentes e o tecido público e privado de tecnoloxías avanzadas dixitais.

Sistema de recollida de datos

- **DESENVOLVEMENTO DA TECNOLOXÍA 5G**
- **PROXECTO TERRITORIO INTELIXENTE.** Creación dunha rede de sensores por todo o territorio (princiando escalonadamente polos lugares de máis interese en canto rendimento) e de todo tipo para a obtención de datos (atmosféricos, control de incendios, terra, monte, gandaría, augas ...)
- **PROXECTO RIQUEZA CULTURAL E TURÍSTICA.** Desenvolvemento e aplicación de técnicas de realidade aumentada e realidade virtual no ámbito cultural e turístico.
- **PROXECTO VIDA DIXITAL EN GALEGO. LINGUA NO INTERNET DAS COUSAS.** Desenvolvemento de tecnoloxías en asistentes de voz, tradución automática e axentes conversacionais en galego, que permitan a calquera empresa ou desenvolvedor de solucións tecnolóxicas empregar de xeito gratuíto o galego.
- **PROXECTO LABORATORIO DE IDEAS (Lab Net Gal).** Se algo caracteriza a revolución dixital é o seu gran dinamismo, estar en continua evolución, xurdindo constantemente novas tecnoloxías. Todo iso é o que nos leva a un escenario de grandes oportunidades para a innovación. Lab Net Gal, en colaboración co Sistema Universitario Galego e o tecido produtivo, permitiría dar continuidade á xeración de coñecemento.
- **PROXECTO 'Ángela Ruíz Robles' de promoción da participación das mulleres en STEM** (Ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas).

ÁMBITO 5. A GALIZA DIXITAL. DIXITALIZACIÓN INCLUSIVA, VERTEBRADORA E DINAMIZADORA.

PEG 11. CONSORCIO GALEGO PARA A CAPACITACIÓN E AS COMPETENCIAS DIXITAIS coa participación da Xunta, administracións Locais e universidades para dar un gran pulo á transformación dixital das administracións, do ensino e das empresas. a través de programas de dixitalización das administracións, do tecido empresarial e produtivo prestando especial atención ás pemes, microempresas e á economía social; plans de e-comercio e e-turismo, un programa de dixitalización e competencias dixitais no ensino, e outro dirixido a arquivos, bibliotecas e bens culturais.

ÁMBITO 6. ESTRATEXIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL

PEG 12. PLAN PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TECNOLÓXICA E INDUSTRIAL HORIZONTE 2023 E 2030. Desenvolvemento dun conxunto de políticas públicas concretadas no Plan para o Fomento da Actividade Tecnolóxica e Industrial (PFATI) para a promoción dun tecido industrial orientado á creación de valor engadido e emprego de calidade no longo prazo.

O Plan inclúe un sistema de financiamento e programas de desenvolvemento, transformación e innovación para sectores estratéxicos e con maior potencial da economía galega: automoción, naval, aeroespacial, robótica, químico-farmacéutico, forestal, agroindustria, mar-industria..

O PFATI ten como obxectivo conseguir que o sector industrial supoña o 20% do PIB en 2023 e o 25% do PIB en 2030.

ÁMBITO 7. A GALIZA LÍDER EN ENERXÍAS RENOVÁBEIS E ECOSOCIAIS

PEG 13. EMPRESA PÚBLICA DE ENERXÍA. Creación dun ente público de Enerxía que vaia alén da mera xeración de electricidade, debe ser unha aposta pola planificación, impulso e participación nos diferentes sectores enerxéticos, nos recursos e nas infraestruturas e servizos.

PEG 14. CENTRO PARA A COMPETITIVIDADE E A I+D+I EN ALMACENAMENTO DE ENERXÍA. Atendendo ao carácter histórico imposto a Galiza de produtora e exportadora de electricidade, evidénciase a oportunidade e a necesidade -e a obriga de compensación para con ela e as súas xentes- de, dentro da Estratexia de Almacenamento Enerxético, situar na Galiza un centro tecnolóxico encargado de levar a cabo os proxectos, xestionalos e monitorizalos, así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguraza da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira “smartgrid” ou rede intelixente.

PEG 15. COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍAS RENOVÁBEIS. A creación de comunidades enerxéticas en que os concellos teñan un protagonismo significativo, mais que, á súa vez, recollan os actores máis relevantes do tecido social e empresarial do municipio, é o vehículo necesario para abordar os retos da transición enerxética local. Sen ánimo de lucro, desenvolve a actividade empresarial necesaria - en todas as etapas: xeración, transporte, distribución, comercialización- para alcanzar obxectivos como o fomento da cultura enerxética entre os/as habitantes, con formación en materia de uso eficiente e aforro enerxético, a loita contra a pobreza enerxética asegurando o acceso á enerxía dos colectivos máis desfavorecidos, a creación de emprego local en materia enerxética, conseguir a sustentabilidade enerxética do municipio mediante a promoción e a combinación de diversas fontes de enerxía renovábel con orixe autóctona.

ÁMBITO 8. BIOECONOMÍA E ECONOMÍA CIRCULAR

PEG 16. PROXECTO AGROMAR ALIMENTACIÓN. Iniciativa estratéxica sobre produción e comercialización de alimentos do agro e do mar que inclúe diversos plans: de desenvolvemento e diversificación da industria láctea galega; de desenvolvemento da agroecoloxía e fomento de proxectos no medio rural; de etiquetaxe e comercialización dos produtos do mar; a creación dunha plataforma galega de comercialización e venda on line e unha plataforma público-privada de elaboración/transformación e distribución que permita canalizar os produtos de pequenos e medios produtores e produtoras facilitando o acceso dos distintos colectivos de consumidores e ás cadeas de distribución.

PEG 17. AXENCIA DOS RESIDUOS E A ECONOMÍA CIRCULAR.

Creación da Axencia Galega para os residuos e a economía circular e desenvolvemento de Estratexias globais sobre plásticos, bioresiduos de orixe doméstica e comercial, bioresiduos de orixe agrogandeira, residuos industrias e residuos de construción e demolición, aplicando criterios de autosuficiencia e proximidade. Trátase dun sector económico con gran potencial de crecemento e de xeración de emprego, ademais de proporcionar indubidábeis beneficios ambientais. Un dos ámbitos prioritarios da Axencia será a prevención, a formación e a mobilización social a favor da redución e da recuperación dos residuos.

PEG 18. PROXECTO FORMAR. Creación dun centro de investigación, innovación e desenvolvemento de materiais sustentábeis avanzados de orixe forestal e mariña; a creación de biorrefinarías e o desenvolvemento de prototipos e materiais para uso biosanitario, construción, industria naval, automoción e aeroespacial, cosmética, farmacéutica, enerxía... Un dos obxectivos centrais do proxecto será a produción de bioplásticos e outros biomateriais que permitan reducir o uso de materiais de orixe fósil e altamente contaminantes.

PEG 19. DENOMINACIÓN DE ORIXE GALIZA. Programa DO Galiza de diversificación e profesionalización da gastronomía e do turismo e creación dun Consorcio que aglutine os entes da administración autonómica e das locais e que lle dea participación ao sector. Creación dun Observatorio intelixente de datos do sector aplicando a tecnoloxía "big data", unha Film Comision profesional, un plan estratéxico e un centro nacional de referencia en materia gastronómica (Galician Culinary Center), e un plan de eventos deportivos internacionais e deporte de alto rendemento.

ÁMBITO 9. BIODIVERSIDADE

PEG 20. PLAN DE INFRAESTRUTURA VERDE. Elaboración participativa e aprobación da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde. Estratexia territorial para a protección de espazos naturais, paisaxes, deseño de infraestruturas para minimizar o dano ambiental, corrección de impactos, conectividade ecolóxica a través de montañas e ríos...

PEG 21. CREACIÓN DO FONDO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA, cunha dotación inicial de 100 millóns de euros para o fomento da biodiversidade, a conservación dos espazos naturais, a protección e recuperación de especies ameazadas e en perigo

de extinción, a loita contra as especies invasoras e a custodia do territorio.

PEG 22. PLAN BOSQUES SUSTENTÁBEIS, coa creación dunha marca para apoiar a conservación de bosques de alto valor para a biodiversidade, establecendo incentivos económicos.

ÁMBITO 10. BIOCONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN E VIVENDA

PEG 23. ESTRATEXIA GALEGA PARA A CONSTRUCIÓN SUSTENTÁBEL E EDIFICACIÓN BIOCLIMÁTICA. Conformación dun polo empresarial neste sector combinando enerxía, madeira, prefabricados en formigón, cristalaría, granito, lousa... para a posición da Galiza como líder neste sector, fomentando a investigación, a innovación e a creación de sinerxais. Desenvolvemento dun Plan de eficiencia e autosuficiencia enerxética de factorías industriais, parques empresariais, granxas agrogandeiras, equipamentos públicos (centros educativos, centros sociais, equipamentos deportivos, equipamentos sanitarios...), vivenda residencial.

PEG 24 ESTRATEXIA GALEGA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA SOCIAL

A. Estratexia galega de incremento do parque público de vivenda en aluguer, con especial atención ás áreas urbanas. Estratexia para que a administración pública aumente o número de vivendas de que dispón, fundamentalmente mediante a compra de vivendas xa construídas, de forma que se promova a rehabilitación ou o uso de vivendas baleiras habitábeis.

B Programa de rehabilitación do parque público de vivenda para aluguer. Un programa destinado a incrementar o parque público de vivenda a través do investimento en rehabilitación para mellorar o acceso á vivenda.

ÁMBITO 11. ECOMOBILIDADE

PEG 25. ESTRATEXIA GALEGA DO FERROCARRIL COMO MODO DE MOBILIDADE SUSTENTÁBEL E VERTEBRADOR PARA O SÉCULO XXI a través da modernización do ferrocarril convencional e

da creación de novas liñas que garantan vertebrar territorial e socialmente a Galiza; o impulso do transporte de mercadorías así como a conexión ferroviaria dos portos e o desenvolvemento de nós loxísticos.

Creación da empresa pública GALTRÉN, para a xestión do tren convencional e as cercanías (previa transferencia)

PEG 26. ESTRATEXIA GALEGA DA MOBILIDADE CICLISTA. Impulsar a extensión da rede Eurovelo e Vías Verdes na Galiza como vías primarias de comunicación ciclista e cicloturística.

PEG 27. NOVO PLAN DE TRANSPORTE E MODELO DE TRANSPORTE A DEMANDA PARA ÁREAS RURAIS E PERIRUBANAS (DE POBOACIÓN DISEMINADA)

PEG 28- PLAN MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA NAS ESTRADAS GALEGAS. Programa de actuacións de seguranza viaria e accesibilidade co obxectivo de protexer as persoas usuarias máis vulnerábeis: viandantes, ciclistas, motoristas. Actuacións de calmado de tráfico, sinalización, redución de velocidade, prevención de accidentes con fauna, prevención de atropelos, urbanización de travesías, circunvalacións e variantes...

PEG 29. PLAN DE DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA LOXÍSTICO DO TRANSPORTE POR ESTRADA coa creación de infraestruturas/ servizos e a renovación progresiva dos vehículos para o uso de tecnoloxías menos contaminantes.

PEG 30. ESTRATEXIA PORTUARIA INTERMODAL TRANSOCEÁNICA E PARA A CABOTAXE EUROPEA. Aposta por un ferry de carga Irlanda-Galiza, para poder transportar peixe e outros servizos como estratexia para paliar as consecuencias do Brexit. Creación dunha rede de cabotaxe galega, EntreRías, e potenciación dos sistemas de transporte da ría de Vigo.

ÁMBITO 12. CICLO DA AUGA

PEG 31. ESTRATEXIA GALEGA DA AUGA 2030

Desenvolvemento do Plan de protección e conservación das reservas de auga superficiais e subterráneas, do Programa de Modernización das redes municipais de abastecemento de auga (protección de acuiferos, eficiencia, automatización, dixitalización), do Programa de modernización das redes comunitarias e veciñais de abastecemento de auga (protección de acuiferos, eficiencia, automatización, dixitalización), do Plan

de dimensionamento de redes de saneamento e de separación de pluviais e residuais. Construción de EDAR de diferentes tipoloxías para ámbitos rurais e urbanos. Sistemas de depuración para núcleos de 50 habitantes máximo. Plan de reutilización de augas residuais e de lodos de depuradoras. Plan Humidais: protección de recursos, declaración de reservas estratéxicas de auga e biodiversidade

PEG 32. PLAN A GALIZA DOS DEZ MIL RÍOS de recuperación, vixilancia e posta en valor da rede fluvial galega e Creación de Reservas Fluviais.

PEG 33. A GALIZA TERMAL. Clúster de investigación e desenvolvemento para a aplicación e usos das augas termais e das augas mineromedicinais (frías): historia, patrimonio e arqueoloxía; usos sociais; saúde, ciencia e benestar.

ÁMBITO 13. ECONOMÍA E ECOLOXÍA URBANA

PEG 34. AXENDA DE TRANSFORMACIÓNS URBANAS HORIZONTE 2030

Extensión do modelo urbano Pontevedra, Programa de Cidades Saudábeis e Sustentábeis (espazo público, plan de mobilidade sustentábel, enerxía, construción e vivenda, ciclo da auga, aneis e itinerarios verdes, quilómetro cero... Desenvolvemento do Programa EMAR de Cidades e Vilas Circulares: Enerxía. Mobilidade, Auga, Residuos; Programa de Tecnoloxía ao servizo da calidade de vida (IA, BIG DATA); Programa Cidades e Vilas Creativas; desenvolvemento da Infraestrutura Verde Urbana (Estratexia Galega de Infraestrutura Verde)

ÁMBITO 14. CULTURA E PATRIMONIO

PEG 35 DESENVOLVEMENTO DO POLO/CENTRO DE REFERENCIA DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL E DO VIDEOXOGO

PEG 36. DOTACIÓN DO FONDO CULTURAL GALEGO COMO INSTRUMENTO ESTRATÉXICO PARA A PROMOCIÓN DA CREATIVIDADE GALEGA mediante bolsas de apoio á creación e Centro Internacional de Residencias Literarias e Artísticas, o Fomento das Industrias culturais e plans de profesionalización; fomento dos eventos culturais e da actividade cultural no territorio; a recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio cultural; o fomento do aproveitamento social,

pedagógico e turístico do patrimonio, e a Internacionalización da cultura galega

PEG 37. PLAN TRADINET: Plan para o coñecemento, conservación, divulgación e dixitalización do patrimonio oral e inmaterial galego

ÁMBITO 15. ADMINISTRACIÓN MODERNA, ÁXIL E EFICAZ

PEG 38. PROGRAMA DE COMBATE DA FRAUDE FISCAL Co obxectivo de reducir a fraude fiscal e a porcentaxe de economía irregular desenvolvendo programa de control da facturación de contribuíntes de grandes patrimonios e rendas declaradas e daquelas actividades susceptíbeis de realizar vendas ou prestación de servizos non declaradas ao fisco. Nos planos de requerimento de información e/ou de inspección deben ser considerados criterios de progresividade (maior renda e patrimonio).

PEG 39. ENTE PÚBLICO PARA A AVALIACIÓN DA CALIDADE E TRANSPARENCIA DAS AAPP coa finalidade de contribuír para a avaliación do nivel de transparencia das AAPP, autonómica e local (concellos e deputacións); aumentar a esixencia do nivel de contido e da frecuencia na emisión e actualización da información emitida polas AAPP considerando o seu carácter de servizo público; o asesoramento na avaliación, baixo diferentes parámetros (económico, social, reequilibrio territorial, ambiental), do retorno das políticas públicas para a mellora das actuacións e intervencións comunitarias; contribuír para a dotación de recursos e información, que facilite a tarefa democrática do control público das administracións, para o aumento da eficiencia e eficacia das políticas públicas.

PEG 40. AXENCIA GALEGA DE CIBERSEGURANZA. CIBER.gal ten como obxectivo dar resposta á cidadanía, ás empresas e ao sector público en materia de ciberseguranza así como o fomento do talento e a innovación neste eido.

PEG 41 BANCO PÚBLICO DE DESENVOLVEMENTO DA GALIZA
Instrumento financeiro imprescindible para conseguir os seguintes obxectivos:

- Ampliar e complementar o impulso ao crédito que hoxe é claramente insuficiente para atender as necesidades dos nosos sectores produtivos e para o impulso e

- desenvolvemento de novas iniciativas produtivas.
- Compensar o efecto perverso que a drenaxe financeira produce na nosa economía. O sistema bancario privado provoca un profundo desequilibrio entre depósitos e créditos concedidos na Galiza, diminuindo a nosa capacidade financeira e descapitalizando a nosa economía.
 - Promover a capitalización e dirección do sector público naqueles sectores ou actividades estratéxicas para a Galiza: infraestruturas, transportes, comunicacións, enerxía, vivenda e recursos naturais.
 - Promoción de proxectos produtivos para pequenas e medianas empresas e autónomos, nomeadamente con actividades innovadoras de alto impacto e as relacionadas con sectores produtivos galegos.
 - Promoción industrial da transformación de produtos do sectores primarios, completar ciclos produtivos en actividades baseadas nos recursos autóctonos e non contaminantes. Sinerxias produtivas.
 - Fomentar as cadeas globais de valor de produtos baseados nos recursos dos sectores primarios

PROXECTOS ESTRATÉXICOS TERRITORIAIS

PET 1. PLAN RÍAS

Plan integral de recuperación, rexeneración e dinamización económica das rías coas seguintes liñas de actuación:

- Investigación e innovación: Consorcio para a coordinación e o traballo en rede de todos os centros de investigación
- Plan de mellora ambiental e da calidade da auga dos ríos.
- Protocolo de desaugamento de encoros
- Plan de saneamento das rías
- Plan de eliminación de vertidos contaminantes nas rías galegas
- Plan de construción de redes de saneamento separativas nas vilas e cidades da beiramar
- Plan de mellora de EDAR con deficiencias técnicas
- Plan de construción de novas EDAR nas rías galegas e nas concas fluviais
- Plan de rexeneración de substratos e dragaxes
- Plan de recuperación dos terreos de dominio público marítimo terrestre

- Plan de rexeneración produtiva:
 - Recuperación de zonas improdutivas
 - Novos planos de explotación marisqueira
 - Plano de aproveitamento de cunchas e refugallos
 - Reservas mariñas,
 - Autosuficiencia na produción de semente autóctona
 - Control de doenzas, pragas...
 - Control de especies invasoras
- Plan de comercialización dos produtos marisqueiros e pesqueiros
 - Sociedade mixta de comercialización do produto galego
 - Imaxe de marca. Identificación dos produto galego na etiquetaxe
 - Potenciación das Denominacións de Orixe Protexida
 - Proxección internacional e promoción dos produtos do mar de Galiza
 - Acordos con compradores e comercializadores
 - Industria de transformación e elaboración. Garantía de orixe galega dos produtos
- Enerxías renovábeis: plan para o aforro e eficiencia enerxética mediante renovábeis nos equipamentos e nas embarcacións

- Consorcio para a investigación e o coñecemento do mar e as rías. Consorcio para a coordinación e o traballo en rede de todos os centros de investigación (Universidades, IEO, CETMAR, INTECMAR...) co obxecto de dispor do maior complexo científico tecnolóxico europeo de estudo e coñecemento do mar

PET 2. PLAN MONTE VIVO

Programa de medidas de desenvolvemento multifuncional do monte galego. Nas 636.364 ha non arboradas ou de especies non madeirábeis (monte arborado ralo, mimosa, matogueiras e pasteiros) propónse realizar un plan de reconversión en cultivos non forestais (viñedos, cultivos de oliveiras, ...), e explotacións silvopastorís (madeira-gandaría extensiva e pastoreo), segundo a calidade e a idoneidade dos terreos. Tamén, nos terreos adecuados, e de acordo con un plan xeral de desenvolvemento multifuncional do monte, levarase adiante programas específicos de micorrización. De acordo con estudos realizados, poderíanse habilitar arredor dunhas 47.000 ha de monte de superficie de baixo aproveitamento e alta potencialidade produtiva (5.990 ha de MVMC+41.725 ha de monte particular) para producir novos cultivos para o sector agro-gandeiro e diminuír a dependencia do exterior.

O Plan Monte Vivo, Biodiverso, Multifuncional artéllase entre outras nas seguintes actuacións

- Plan Territorial Integrado Especial para ordenar os usos do monte desde unha perspectiva integral (non só forestal). Planificación e xestión por distritos forestais, para ordenar as masas arbóreas e xerar medios naturais e artificiais de protección fronte aos grandes incendios (os actuais e os grandes incendios do futuro agravados polo cambio climático). Protección e conservación dos bosques de ribeira e dos recursos hídricos, protección e conservación dos pasteiros, protección e conservacións de zonas altas de montaña con hábitats de grande interese (turbeiras). Planificación específica para a xestión da biomasa e plantacións nas zonas perirubanas...
- Plan de Aproveitamento de Enerxía por parte das comunidades locais: eólica, hidráulica, biomasa).
- Plan de fomento do pastoreo extensivo e recuperación de pasteiros
- Plan de fomentos dos valores ecosistémicos do monte e sistema de compensacións vía financiamento e fiscalidade
- Plan Monte Multifuncional e de aproveitamento produtivo do monte con madeiras de calidade, árbores de froito, micoloxía, gandaría en extensivo, mel...
- Plan para a Biodiversidade do Monte e fronte a perda de calidade dos solos e das masas arbóreas
- Bioeconomía forestal: investigación e innovación para o aproveitamento de biomateriais de orixe forestal
- Creación de Renda de acompañamento para a mocidade, vencellada a actividades alternativas de interese no monte (gandaría, frondosas, froitos...)

PET 3. PLAN RURAL VIVO E CON FUTURO

Un plan de actuación integral artellado arredor dos seguintes programas

- Recuperación e posta en uso de terra agraria. Reverter a actual tendencia de destrución de **superficie agraria útil** marcando como obxectivo recuperar 100.000 ha no ano 2030. Para isto elaborárase unha lei de reforma das estruturas que priorice os modelos asociativos (unidades de xestión agraria e unidades de xestión forestal) e actualízase e reactivárase o Banco de Terras.
- Asegurar a máxima capacidade de produción, transformación

e comercialización de alimentos. Actuar de xeito decidido para asegurar o maior grao posíbel de produción de alimentos no país **diversificando a produción agrogandeira** e apostando polos produtos de calidade e con prácticas respectuosas co medio.

- Artellar lexislativamente con **transparencia** e de xeito claro as **relacións económicas e comerciais ao longo de toda a cadea de produción**, con vixilancia pública, como mecanismo indispensable para garantir rendas dignas ao sector produtor. Estabelecer mecanismos estábeis de interlocución e vertebración dos distintos sectores como elementos necesarios para a participación social nas políticas que se elaboren, actualizando os mecanismos que permitan medir a representatividade a día de hoxe.
- O **novo Plan de Desenvolvemento Rural 2021-2027** incluírá medidas efectivas para a incorporación da mocidade nas explotacións agrarias, o acceso real a titularidade das explotacións por parte das mulleres así como medidas de conciliación da vida laboral e de accesibilidade ás persoas con diversidade funcional.
- Poñer en marcha políticas para os distintos sectores que teñan en conta as súas características (leite, carne, viño, pataca, horta e flor, madeira e outros produtos do monte, etc). Elaborar un **novo Plan de Agricultura Ecolóxica** consensuado co sector cun horizonte temporal máis amplo que o actual e que impulse o desenvolvemento desta produción.
- Pór en marcha unha nova política para o monte partindo de establecer unhas novas **Directrices para a revisión do Plan Forestal de Galiza**. Sobre a base do **carácter multifuncional do monte** establecerá unha estratexia de regulación, redución e confinamento das masas de eucalipto, e promoverá a plantación de especies autóctonas de calidade. Elaboración dunha nova lei de montes que inclúa os montes veciñais e que teña como obxectivo garantir a sustentabilidade económica, social e medioambiental do monte.
- Asegurar lexislativamente nun horizonte temporal amplo que a produción de alimentos e madeira e as políticas de fomento do desenvolvemento rural se farán con **perspectiva de sustentabilidade ambiental** e tendo en conta o cambio climático.
- Reverter a actual tendencia de desmantelamento de **servizos** no medio rural que redundan directamente na perda de poboación, atendendo o desenvolvemento de políticas que favorezan o acceso aos servizos das persoas que habitan no rural (vivenda, ensino, saúde, servizos sociais, comunicación, dixitalización, transporte, lecer...). Implementar políticas de desenvolvemento e fomento económico no rural ademais

- das propiamente agrarias e forestais, que xeren novas expectativas de actividade económica no medio rural.
- Recuperar e **potenciar a investigación, a formación e a achega de coñecemento sobre o medio rural** como base imprescindible para reverter a tendencia actual. Será fundamental priorizar a dotación de recursos humanos e de capital destinados á investigación e innovación que tanto se deterioraron na última década.
 - Creación de sistema de rendas complementarias para o fomento da actividade económica no rural, dirixido preferentemente ao emprego feminino, á mocidade e ao relevo xeracional.

PET 4. ESPAZO TRANSFRONTEIRIZO MIÑO-A RAIA

Estratexia territorial para o desenvolvemento e a transformación desta área dobremente afectada pola pandemia con iniciativas nos seguintes ámbitos

- Dotación de novas infraestruturas e mellora da mobilidade, declarando de interese prioritario o ferrocarril Vigo-Porto.
- Sistema de transporte e loxística, con especial atención ao transporte marítimo e por ferrocarril
- Dotación de servizos con especial atención a redes e competencias dixitais. Desenvolvemento da rede 5G, da Intelixencia Artificial e do DIG DATA.
- Creación e fortalecemento de polos de innovación transfronteiriza
- Fomento das actividades económicas (industria, sector primario, comercio...) e do emprego de calidade
- Protección da biodiversidade e dos espazos naturais transfronteirizos
- Desenvolvemento integrado e complementario da Axenda urbana 2030.
- Interacción e cooperación en materia de emerxencias e loita contra os incendios
- Programa de fomento do turismo e da gastronomía.
- E-administración: tarxeta de mobilidade e servizos compartidos

03. RESUMO ORZAMENTARIO

ÁMBITO 1. SAÚDE E COIDADOS PARA POÑER A VIDA E AS PERSOAS NO CENTRO

PEG 1. PEG 1. SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE G30. FORTALECEMENTO E TRANSFORMACIÓN DO SISTEMA GALEGO DE SAÚDE HORIZONTE 2030.

- NOVO MODELO DE ATENCIÓN PRIMARIA E MEDICINA PREVENTIVA
- REFORZO E AMPLIACIÓN DA ATENCIÓN HOSPITALARIA
- RESCATE DE INFRAESTRUTURA E SERVIZOS SANITARIOS (Área de Vigo)
- PLAN DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA, SAÚDE MENTAL E PREVENCIÓN DO SUICIDIO

Orzamento: 700.000.000 €

PEG 2- CREACIÓN DUN CENTRO PÚBLICO DE ALERTAS EPIDEMIOLÓXICAS E EMERXENCIAS SANITARIAS

Orzamento: 27.500.000 €

PEG 3- ESTRATEXIA GALEGA DE XENÓMICA E MEDICINA PERSONALIZADA

Orzamento: 50.000.000 €

PEG 4. NOVO SISTEMA PÚBLICO GALEGO DE COIDADOS

- CREACIÓN DA HISTORIA SOCIOSANITARIA ELECTRÓNICA
- ESTRATEXIA FOGAR. Deseño e despregamento dun modelo de coidados de longa duración baseado en servizos próximos e comunitarios, públicos e centrado na atención domiciliaria.

- PROGRAMA PARA A AMPLIACIÓN E DOTACIÓN DE “CENTROS DE DÍA”
- PROGRAMA DE CONSTRUCCIÓN E DOTACIÓN DE CENTROS RESIDENCIAIS DE MAIORES
- CREACIÓN DUN CENTRO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA centrado no estudo do avellentamento e as enfermidades a el asociadas (cancro, Alzheimer, doenzas neurodexenerativas, musculoesqueléticas...)

Orzamento: 750.000.000 €

ÁMBITO 2. ECOSISTEMA GALEGO DA CIENCIA, DA INVESTIGACIÓN E DA INNOVACIÓN

PEG 5. INNOGAL. PROGRAMA DE RETENCIÓN E CAPTACIÓN DE TALENTO.

PEG 6. ESTRATEXIA DE FORTALECIMENTO DAS UNIVERSIDADES E DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I,

PEG 7. IMPULSO DA INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA. POTENCIACIÓN DO SISTEMA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN SAÚDE.

Orzamento total ámbito 2: 320.000.000 €

ÁMBITO 3. A GALIZA FEMINISTA

PEG 8. PLAN A GALIZA LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS.

PEG 9. CREACIÓN DO CENTRO EXERIA DE INVESTIGACIÓN E ESTUDOS FEMINISTAS DA GALIZA EN COLABORACIÓN CO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

Orzamento ámbito 3: 110.000.000 €

ÁMBITO 4. INTELIXENCIA ARTIFICIAL E TECNOLOXÍAS AVANZADAS DIXITAIS

PEG 10. CREACIÓN DA REDE PARA A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E BIG DATA

- DESENVOLVEMENTO DA TECNOLOXÍA 5G
- PROXECTO TERRITORIO INTELIXENTE
- PROXECTO RIQUEZA CULTURAL E TURÍSTICA
- PROXECTO VIDA DIXITAL EN GALEGO. LINGUA NO INTERNET DAS COUSAS.
- PROXECTO LABORATORIO DE IDEAS (Lab Net Gal)
- PROXECTO 'Ángela Ruíz Robles' de promoción da participación das mulleres en STEM (Ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas, en inglés)

Orzamento ámbito 4: 350.000.000 €

ÁMBITO 5. A GALIZA DIXITAL. DIXITALIZACIÓN INCLUSIVA, VERTEBRADORA E DINAMIZADORA.

PEG 11. CONSORCIO GALEGO PARA A CAPACITACIÓN E AS COMPETENCIAS DIXITAIS

Orzamento ámbito 5: 1.180.000.000 €

ÁMBITO 6. ESTRATEXIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL

PEG 12. PLAN PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TECNOLÓXICA E INDUSTRIAL HORIZONTE 2023 E 2030.

Orzamento ámbito 6: 1.250.000.000 €

ÁMBITO 7. A GALIZA LÍDER EN ENERXÍAS RENOVÁBEIS E ECOSOCIAIS

PEG 13. EMPRESA PÚBLICA DE ENERXÍA

PEG 14. CENTRO PARA A COMPETITIVIDADE E A I+D+I EN ALMACENAMENTO DE ENERXÍA

PEG 15. COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍAS RENOVÁBEIS

Orzamento ámbito 7: 412.000.000 €

ÁMBITO 8. BIOECONOMÍA E ECONOMÍA CIRCULAR

PEG 16. PROXECTO AGROMAR ALIMENTACIÓN

PEG 17. AXENCIA DOS RESIDUOS E A ECONOMÍA CIRCULAR. TRANSFORMACIÓN DE RESIDUOS EN RECURSOS

PEG 18. PROXECTO FORMAR. PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE BIOMATERIAIS DE ORIXE FORESTAL E MARIÑA

PEG 19. DENOMINACIÓN DE ORIXE GALIZA. PROGRAMA DO GALIZA DE DIVERSIFICACIÓN E PROFESIONALIZACIÓN DA GASTRONOMÍA E DO TURISMO:

Orzamento ámbito 8: 325.000.000 €

ÁMBITO 9. BIODIVERSIDADE

PEG 20. PLAN DE INFRAESTRUTURA VERDE

PEG 21. CREACIÓN DO FONDO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA, cunha dotación inicial de 100 millóns de euros para o fomento da biodiversidade, a conservación dos espazos naturais, a protección e recuperación de especies ameazadas e en perigo de extinción, a loita contra as especies invasoras e a custodia do territorio.

PEG 22. PLAN BOSQUES SUSTENTÁBEIS, coa creación dunha marca para apoiar a conservación de bosques de alto valor para a biodiversidade, establecendo incentivos económicos.

Orzamento ámbito 9: 280.000.000 €

ÁMBITO 10. BIOCONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN E VIVENDA

**PEG 23. ESTRATEXIA GALEGA PARA A CONSTRUCIÓN
SUSTENTÁBEL E EDIFICACIÓN BIOCLIMÁTICA**

**PEG 24 ESTRATEXIA GALEGA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA
SOCIAL**

A. "Estratexia galega de incremento do parque público de vivenda en aluguer, con especial atención ás áreas urbanas"

B"Programa de rehabilitación do parque público de vivenda para aluguer."

Orzamento ámbito: 1.100.000.000 €

ÁMBITO 11. ECOMOBILIDADE

**PEG 25. ESTRATEXIA GALEGA DO FERROCARRIL COMO MODO DE
MOBILIDADE SUSTENTÁBEL E VERTEBRADOR PARA O SÉCULO XXI**

PEG 26. ESTRATEXIA GALEGA DA MOBILIDADE CICLISTA

**PEG 27.. NOVO PLAN DE TRANSPORTE E MODELO DE
TRANSPORTE A DEMANDA PARA ÁREAS RURAIS E PERIRUBANAS
(DE POBOACIÓN DISEMINADA)**

**PEG 28- PLAN MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA NAS
ESTRADAS GALEGAS**

**PEG 29. PLAN DE DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA LOXÍSTICO
DO TRANSPORTE POR ESTRADA**

**PEG 30. ESTRATEXIA PORTUARIA INTERMODAL TRANSOCEÁNICA
E PARA A CABOTAXE EUROPEA**

Orzamento ámbito 11: 2.400.000.000 €

ÁMBITO 12. CICLO DA AUGA

PEG 31. ESTRATEXIA GALEGA DA AUGA 2030

PEG 32. PLAN A GALIZA DOS DEZ MIL RÍOS

PEG 33. A GALIZA TERMAL.

Orzamento ámbito 12: 800.000.000 €

ÁMBITO 13. ECONOMÍA E ECOLOXÍA URBANA

**PEG 34. AXENDA DE TRANSFORMACIÓNS URBANAS HORIZONTE
2030**

Orzamento ámbito 13: 316.000.000 €

ÁMBITO 14. CULTURA E PATRIMONIO

**PEG 35 DESENVOLVEMENTO DO POLO/CENTRO DE REFERENCIA
DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL E DO VIDEOXOGO**

**PEG 36. DOTACIÓN DO FONDO CULTURAL GALEGO COMO
INSTRUMENTO ESTRATÉXICO**

**PEG 37. PLAN TRADINET: PLAN PARA O COÑECEMENTO,
CONSERVACIÓN, DIVULGACIÓN E DIXITALIZACIÓN DO
PATRIMONIO ORAL E INMATERIAL GALEGO**

Orzamento ámbito 14: 275.000.000 €

ÁMBITO 15. ADMINISTRACIÓN MODERNA, AXIL E EFICAZ

PEG 38. PROGRAMA DE COMBATE DA FRAUDE FISCAL

PEG 39. ENTE PÚBLICO PARA A AVALIACIÓN DA CALIDADE E
TRANSPARENCIA DAS AAPP

PEG 40. AXÉNCIA GALEGA DE CIBERSEGURANZA

PEG 41. BANCO PÚBLICO DE DESENVOLVEMENTO DA GALIZA

Orzamento ámbito 15: 325.000.000 €

PROXECTOS ESTRATÉXICOS TERRITORIAIS

PET 1. PLAN RÍAS

Orzamento: 1.096.000.000€

PET 2. PLAN MONTE VIVO

Orzamento: 725.000.000 €

PET 3. PLAN RURAL VIVO E CON FUTURO

Orzamento: 1.250.000.000

PET 4. ESPAZO TRANSFRONTEIRIZO MIÑO-A RAIA

Orzamento: 225.000.000 €

**ORZAMENTO TOTAL:
14.381.500.000 EUROS**